

21 TIC

VIXÉSIMO PRIMEIRO CERTAME DE

TEATRO INTER CENTROS DE COMPOSTELA E COMARCA

Representación das obras
de educación secundaria:
17 e 18 de abril de 2016

Representación das obras
de educación primaria:
9 de maio de 2016

TEATRO PRINCIPAL



DATA	HORA	LUGAR	GRUPO	CENTRO	OBRA	DURACIÓN	PÚBLICO
SECUNDARIA							
17.04.2016	12:00 h	TEATRO PRINCIPAL	AULA DE TEATRO	CPI DE VEDRA	<i>Ligues e outros líos</i>	50 min.	TODOS
17.04.2016	18:00 h	TEATRO PRINCIPAL	TANTOMETÉN	IES ANTÓN FRAGUAS	<i>Miserabilia</i>	70 min.	3º DA ESO EN DIANTE
17.04.2016	20:00 h	TEATRO PRINCIPAL	VAI NO DENTISTA	IES ARCEBISPO XELMÍREZ 1	<i>A síndrome de Wendy</i>	50 min.	ESO E BACHARELATO
18.04.2016	10:30 h	TEATRO PRINCIPAL	PROACTORS TEATRO	IES EDUARDO PONDAL	<i>Vén comigo</i>	60 min.	PREF. ESO
18.04.2016	12:30 h	TEATRO PRINCIPAL	GRUPO DE TEATRO	IES PONTEPEDRIÑA	<i>A farsa do Bululú, de Manuel María</i>	50 min.	ESO E BACHARELATO
18.04.2016	18:00 h	TEATRO PRINCIPAL	TEATRO DO PORVISO	CPI OS DICES (ROIS)	<i>Mimadriña</i>	50 min.	ESO E BACHARELATO
18.04.2016	20:00 h	TEATRO PRINCIPAL	ROSALÍA 2	IES ROSALÍA DE CASTRO	<i>Equus</i>	50 min.	BACHARELATO
PRIMARIA							
09.05.2016	11:00 h	TEATRO PRINCIPAL	AULA DE 6º	COLEXIO SAN JORGE	<i>O meu conto</i>	30 min.	PRIMARIA
09.05.2016	11:45 h	TEATRO PRINCIPAL	AS LUPAS PICTOGRÁFICAS	CEEPR ASPANAES DUQUES DE LUGO	<i>O castiñeiro triste</i>	15 min.	INFANTIL
09.05.2016	12:10 h	TEATRO PRINCIPAL	MÁSCARA	CEIP LÓPEZ FERREIRO	<i>Mágoas de campesiños e señoritos</i>	15 min.	TODOS



ORGANIZAN

Coordenadora de equipas de Normalización Lingüística.
Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago.



VIXÉSIMO PRIMEIRO CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS

DE COMPOSTELA E COMARCA

SECUNDARIA

AULA DE TEATRO DO CPI DE VEDRA TEATRO PRINCIPAL

17 de abril ás 12:00 h



Ligues e outros líos

Unha rapaza adolescente ten que responder unha pregunta do seu irmán pequeno: que é un namoro? Unha serie de situacións diferentes, frecuentes, críticas, divertidas, reivindicativas, sensibles..., tentarán responder a cuestión.

50 MINUTOS
TODOS OS PÚBLICOS

«TANTOMETÉN» IES ANTÓN FRAGUAS TEATRO PRINCIPAL

17 de abril ás 18:00 h



Miserabilia

Nun espazo incerto, nun tempo indeterminado, un grupo de persoas miserables déixanse levar, día tras día, dominados pola terrible presenza dun estraño ser chamado Carianos. Quen son? Como chegaron a este lugar? Por que comen o pan que lles ofrecen sen importar nada máis?

70 MINUTOS APROX.
DE 3º DA ESO EN DIANTE

«VAI NO DENTISTA» IES ARCEBISPO XELMÍREZ 1 TEATRO PRINCIPAL

17 de abril ás 20:00 h



A síndrome de Wendy

Coa Síndrome de Wendy tratamos de reflectir as condutas propias desta nosa nova fornada de adolescentes que semellan carecer do sentido da responsabilidade, que se negan a

enfrentarse ás súas vidas, e arelan, pero non viven, a independencia. Son vítimas dunha educación sobreprotectora ou son pequenos Peter Pan, perdidos no mundo de Nunca Xamais?

50 MINUTOS APROX.
ESO E BACHARELATO

«PROACTORS», TEATRO DO IES EDUARDO PONDAL TEATRO PRINCIPAL

18 de abril ás 10:30 h



Vén comigo

Ambar e Sebastian son unha rapaza e un rapaz que, por diferentes motivos, sofren rexeite e marxinação por parte dalgúns dos compañeiros e compañeiras do centro no que estudan. Asistiremos aos procedementos que deben adoptar para defendérense desa marxinação e a axuda que atopan nos amigos e amigas que finalmente acaban facendo.

60 MINUTOS APROX.
PREFERENTEMENTE PARA ESO

GRUPO DE TEATRO DO IES PONTEPEDRIÑA TEATRO PRINCIPAL

18 de abril ás 12:30 h



A farsa do Bululú, de Manuel María

Esta obra é unha sátira que fai referencia á situación política e social durante o franquismo. Pretendía, no seu tempo, facer todo un alegato antimilitarista, mais escrito en clave para evitar a censura da época. Detrás dos personaxes, de Bululú, o Gran Mariscal ou a Raíña Facunda, agóchanse Franco, Carreiro Blanco e outros destacados nomes do Réxime.

50 MINUTOS
ESO E BACHARELATO

«TEATRO DO PORVISO» CPI OS DICES (ROIS) TEATRO PRINCIPAL

18 de abril ás 18:00 h



Mimadriña

Na aldea de Fufelo, Dona está facendo os preparativos para a voda da súa filla Sabela nunha casa rural que loita por manter en pé ano tras ano con moitas dificultades económicas. O que non sabe é que ela tivo sempre a ilusión de coñecer quen é o seu pai. Remexendo nas pertenzas de Dona, Sabela atopa un diario de hai vinte anos e coñece certos aspectos da vida amorosa da súa nai que provocan toda unha serie de conflitos e confusións. A música de ABBA acompaña esta historia de amor e busca da identidade, versión do libreto de Catherine Johnson para o musical “Mamma Mia”

50 MINUTOS APROX.
ESO E BACHARELATO

«ROSALÍA 2» IES ROSALÍA DE CASTRO TEATRO PRINCIPAL

18 de abril ás 20:00 h



Equus

Un acontecemento trágico, Alan arráncalle os ollos a catro cabalos. O doutor Disart internao no seu centro, onde intentará descubrir o porqué de tan monstruosa conduta. Recorrendo a diferentes estratexias o doutor vai introducindo na realidade familiar e afectiva do adolescente, que lle revelará o motivo do acto criminal.

50 MINUTOS
BACHARELATO

PRIMARIA

AULA DE SEXTO DO COLEXIO SAN JORGE TEATRO PRINCIPAL

9 de maio ás 11:00 h



O meu conto

Que pasaría se desaparecesen os príncipes dos contos? E se os personaxes se decatasen da existencia do público? Os personaxes da ficción, poderosos nun primeiro termo, son esquecidas nun segundo, e déixanse levar pola aventura, os poucos que son quen de creala. Xuntos e revoltos, que farían? Buscar o seu propio camiño, buscar o seu propio conto.

30 MINUTOS
PRIMARIA

«AS LUPAS PICTOGRÁFICAS» CEEPR ASPANAES DUQUES DE LUGO TEATRO PRINCIPAL

9 de maio ás 11:45 h



O castiñeiro triste

Un grupo de nenos reináense sempre para xogar ao redor dun castiñeiro. Un día, a árbore chora e os nenos preocupados comezan a darlle cousas: unha bufanda por se ten frío, auga por se ten sede... Danlle un abrazo e cántanlle unha canción ata que se pon contento. Metáfora de que todos necesitamos estar con xente aínda que sexamos distintos, só hai que buscar a forma de conectar.

15 MINUTOS
NENOS E NENAS DE INFANTIL

«MÁSCARA» CEIP LÓPEZ FERREIRO TEATRO PRINCIPAL

9 de maio ás 12:10 h



Mágoas de campesiños e señoritos

Uns labregos atópanse na porta da casa dun veciño e falan da situación da aldea.

15 MINUTOS
TODOS OS PÚBLICOS